



# Padrón

**Concello de Padrón**  
CIF P1506600D  
Rúa Longa, 27  
15900 Padrón, A Coruña  
[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)  
[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)  
Tfí: 981 81 04 51  
Fax: 981 81 15 50

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 16 DE XUÑO DE 2016

### **Alcalde-Presidente:**

Don Antonio Fernández Angueira.

### **Concelleiros presentes:**

Don José Ramón Pardo Andrade.

Don Andrés Sanmarco Santos.

Don Francisco García Dios.

### **Concelleiros ausentes:**

Dona Lorena Couso Dopazo.

### **Secretaria:**

Dona Ana María Ares Álvarez.

### **Interventora:**

Dona Eva María Casal Sanjurjo.

Na Alcaldía da Casa Consistorial de Padrón, sendo as dez horas do día dezaseis de xuño de dous mil dezaseis, baixo a Presidencia do señor Alcalde don Antonio Fernández Angueira reúnen-se as señoras Concelleiras e os señores Concelleiros relacionados na cabeceira, todas e todos membros da Xunta de Goberno Local, co fin de celebrar a sesión ordinaria deste órgano en primeira convocatoria, asistidos da Secretaria da Corporación dona Ana María Ares Álvarez, de acordo coa seguinte:

### ORDE DO DÍA

#### **1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 2 DE XUÑO DE 2016.**

Remitido ás señoras Concelleiras e aos señores Concelleiros o texto da acta da sesión ordinaria realizada o dous de xuño de dous mil dezaseis por esta Xunta de Goberno Local, e non formulándose ningunha observación á mesma, esta resulta aprobada por unanimidade das e dos presentes.

#### **2.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA "CAMIÑO RÍO SAR-EXTRAMUNDI" POR PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE E TRAMITACIÓN ORDINARIA, EXPTE. 07/2016-OB-PNSP, INCLUÍDA NO POS/2016.**

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 14 de xuño de 2016:

#### **<<Antecedentes administrativos.**

Primeiro. Por Providencia do señor Alcalde do 5 de maio de 2016 incóase o expediente de contratación da obra "Camión río Sar-Extramundi", o número 07/2016-OB-PNSP, mediante procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria, solicítase á intervención municipal certificado da existencia de crédito ou

documento que legalmente o substitúa por importe de 157.859,37 €, IVE incluído, e ordénase incorporar ao mesmo o prego de cláusulas administrativas particulares aprobado pola Deputación Provincial da Coruña e publicadas no Boletín Oficial da Provincial da Coruña número 3 do 7 de xaneiro do 2016, que rexerán a contratación, dado que a obra finánciase con cargo ao Plan provincial POS 2016.

Segundo. O 19 de maio de 2016 emítase o documento contable acreditativo da existencia de crédito, incorpórase o prego de cláusulas administrativas debidamente cuberto e o 10 de xuño de 2016 emítase o informe da secretaria municipal no que se conclúe informar favorablemente o expediente sempre e cando Augas de Galicia prorrogue a autorización anterior ou conceda unha nova.

Terceiro. O 14 de xuño de 2016 emítase o informe de fiscalización da interventora municipal.

#### **Fundamentos de dereito.**

Primeiro. De acordo ao establecido no artigo 109 e 121 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido la Lei de contratos do sector público (TRLCSP), constan no expediente de contratación:

- Proxecto técnico aprobado.
- Acta de implantación do proxecto.
- Resolución de incoación do expediente de contratación
- Acreditación da existencia de crédito axeitado e suficiente.
- O prego de cláusulas administrativas particulares.
- O informe de secretaria.
- O informe de fiscalización da interventora municipal.

➤Segundo. O artigo 110 do TRLCSP establece que *"completado o expediente de contratación, o órgano de contratación ditará unha resolución motivada en que aprobe este e dispoña a apertura do procedemento de adxudicación"* e que esta resolución *"implicará tamén a aprobación do gasto"*.

Terceiro. Considerando que a competencia para a celebración do contrato é do Alcalde en base á DA 2ª do TRLCSP, posto que o importe acumulado de todas as anualidades non supera o 10% dos recursos ordinarios do orzamento nin os 6.000.000 de euros nin a súa duración é superior aos catro anos, pero que esta competencia está delegada na Xunta de Goberno Local no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

#### **Propoño á Xunta de Goberno Local:**

**Primeiro.** Aprobar o expediente de contratación número 07/2016-OB-PNSP tramitado para a adxudicación da obra "Camiño río Sar-Extramundi" por procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria.

**Segundo.** Autorizar o gasto por un importe total de,

- a) Importe sen IVE: cento trinta mil catrocentos sesenta e dous euros con vinte e nove céntimos (130.462,29 €).
- b) IVE (21%): vinte e sete mil trescentos noventa e sete euros con oito céntimos (27.397,08 €).



# Padrón

**Concello de Padrón**  
CIF P1506600D  
Rúa Longa, 27  
15900 Padrón, A Coruña  
[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)  
[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)  
Tfl: 981 81 04 51  
Fax: 981 81 15 50

- c) Importe con IVE: cento cincuenta e sete mil oitocentos cincuenta e nove mil con trinta e sete céntimos (157.859,37 €).

**Terceiro.** Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán o contrato e que foi elaborado seguindo o prego-tipo de cláusulas administrativas particulares para a contratación mediante procedemento negociado aprobado pola Deputación Provincial da Coruña e publicado no Boletín Oficial da Provincia número 3 do 7 de xaneiro do 2016, ao que se ten engadido os Anexos VI, VII e VIII.

**Cuarto.** Designar ás seguintes persoas para integrar o órgano colexidado encargado de realizar a negociación no procedemento de acordo ao establecido na cláusula 15 do prego de administrativas:

- Don José Ramón Pardo Andrade, Concelleiro delegado de obras do Concello de Padrón ou persoa que legalmente o substitúa.
- Dona Ana María Ares Álvarez, Secretaria do Concello de Padrón ou persoa que legalmente a substitúa.
- Don Francisco Ferro González, arquitecto técnico que presta servizos no Concello de Padrón.

**Quinto.** Designar ao señor Alcalde, ou persoa que legalmente o substitúa, como a persoa encargada de analizar a documentación incluída no Sobre A e facer os requerimentos oportunos si se atopan defectos subsanables e a encargada de requerir a documentación relacionada na cláusula 16.2 ao empresario proposto como adxudicatario.

**Sexto.** Ordenar a apertura do procedemento de licitación por procedemento negociado sen publicidade, de acordo ao prego de cláusulas administrativas particulares, e publicar o correspondente anuncio no perfil do contratante do Concello de Padrón ([www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es) ou [www.contratosdegalicia.es](http://www.contratosdegalicia.es)) para que todas as persoas físicas ou xurídicas interesadas presenten oferta de acordo ao disposto no devandito prego, no prazo máximo de oito (8) días naturais contados desde a publicación do devandito anuncio.

**Sétimo.** Contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

**Oitavo.** Dar traslado do presente acordo á Intervención Municipal.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

**Primeiro.** Aprobar o expediente de contratación número 07/2016-OB-PNSP tramitado para a adxudicación da obra "Camiño río Sar-Extramundi" por procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria.

**Segundo.** Autorizar o gasto por un importe total de,

- a) Importe sen IVE: cento trinta mil catrocentos sesenta e dous euros con vinte e nove céntimos (130.462,29 €).
- b) IVE (21%): vinte e sete mil trescentos noventa e sete euros con oito céntimos (27.397,08 €).
- c) Importe con IVE: cento cincuenta e sete mil oitocentos cincuenta e nove mil con trinta e sete céntimos (157.859,37 €).

**Terceiro.** Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán o contrato e que foi elaborado seguindo o prego-tipo de cláusulas administrativas particulares para a contratación mediante

procedemento negociado aprobado pola Deputación Provincial da Coruña e publicado no Boletín Oficial da Provincia número 3 do 7 de xaneiro do 2016, ao que se ten engadido os Anexos VI, VII e VIII.

**Cuarto.** Designar ás seguintes persoas para integrar o órgano colexiado encargado de realizar a negociación no procedemento de acordo ao establecido na cláusula 15 do prego de administrativas:

- Don José Ramón Pardo Andrade, Concelleiro delegado de obras do Concello de Padrón ou persoa que legalmente o substitúa.
- Dona Ana María Ares Álvarez, Secretaria do Concello de Padrón ou persoa que legalmente a substitúa.
- Don Francisco Ferro González, arquitecto técnico que presta servizos no Concello de Padrón.

**Quinto.** Designar ao señor Alcalde, ou persoa que legalmente o substitúa, como a persoa encargada de analizar a documentación incluída no Sobre A e facer os requerimentos oportunos si se atopan defectos subsanables e a encargada de requerir a documentación relacionada na cláusula 16.2 ao empresario proposto como adxudicatario.

**Sexto.** Ordenar a apertura do procedemento de licitación por procedemento negociado sen publicidade, de acordo ao prego de cláusulas administrativas particulares, e publicar o correspondente anuncio no perfil do contratante do Concello de Padrón ([www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es) ou [www.contratosdegalicia.es](http://www.contratosdegalicia.es)) para que todas as persoas físicas ou xurídicas interesadas presenten oferta de acordo ao disposto no devandito prego, no prazo máximo de oito (8) días naturais contados desde a publicación do devandito anuncio.

**Sétimo.** Contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

**Oitavo.** Dar traslado do presente acordo á Intervención Municipal.

### **3.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA "REPARACIÓN CAMIÑO EN TARRÍO E HERBÓN" POR PROCEDemento NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE E TRAMITACIÓN ORDINARIA, EXPTE. 08/2016-OB-PNSP, INCLUÍDA NO POS/2016.**

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 14 de xuño de 2016:

#### **<<Antecedentes administrativos.**

Primeiro. Por Providencia do señor Alcalde do 5 de maio de 2016 incóase o expediente de contratación da obra "Reparación camiño en Tarrío e Herbón", o número 08/2016-OB-PNSP, mediante procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria, solicítase á intervención municipal certificado da existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa por importe de 55.642,91 €, IVE incluído, e ordénase incorporar ao mesmo o prego de cláusulas administrativas particulares aprobado pola Deputación Provincial da Coruña e publicadas no Boletín Oficial da Provincial da Coruña número 3 do 7 de xaneiro do 2016, que rexerán a contratación, dado que a obra finánciase con cargo ao Plan provincial POS 2016.

Segundo. O 19 de maio de 2016 emítase o documento contable acreditativo da existencia de crédito, incorpórase o prego de cláusulas administrativas debidamente cuberto e o 10 de xuño de 2016 emítase o informe da secretaria municipal no que se conclúe informar favorablemente o expediente.



# Padrón

**Concello de Padrón**  
CIF P1506600D  
Rúa Longa, 27  
15900 Padrón, A Coruña  
[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)  
[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)  
Tff: 981 81 04 51  
Fax: 981 81 15 50

Terceiro. O 14 de xuño de 2016 emítase o informe de fiscalización da interventora municipal.

## Fundamentos de dereito.

Primeiro. De acordo ao establecido no artigo 109 e 121 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP), constan no expediente de contratación:

- Proxecto técnico aprobado.
- Acta de implantación do proxecto.
- Resolución de incoación do expediente de contratación
- Acreditación da existencia de crédito axeitado e suficiente.
- O prego de cláusulas administrativas particulares.
- O informe de secretaría.
- O informe de fiscalización da interventora municipal.

>Segundo. O artigo 110 do TRLCSP establece que "*completado o expediente de contratación, o órgano de contratación ditará unha resolución motivada en que aprobe este e dispoña a apertura do procedemento de adjudicación*" e que esta resolución "*implicará tamén a aprobación do gasto*".

Terceiro. Considerando que a competencia para a celebración do contrato é do Alcalde en base á DA 2ª do TRLCSP, posto que o importe acumulado de todas as anualidades non supera o 10% dos recursos ordinarios do orzamento nin os 6.000.000 de euros nin a súa duración é superior aos catro anos, pero que esta competencia está delegada na Xunta de Goberno Local no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

## Propoño á Xunta de Goberno Local:

**Primeiro.** Aprobar o expediente de contratación número 08/2016-OB-PNSP tramitado para a adjudicación da obra "Reparación camiño en Tarrío e Herbón" por procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria.

**Segundo.** Autorizar o gasto por un importe total de,

- a) Importe sen IVE: corenta e cinco mil novecentos oitenta e cinco euros con oitenta e oito céntimos (45.985,88 €).
- b) IVE (21%): nove mil seiscientos cincuenta e sete euros con tres céntimos (9.657,03 €).
- c) Importe con IVE: cincuenta e cinco mil seiscientos corenta e dous euros con noventa e un céntimos (55.642,91 €).

**Terceiro.** Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán o contrato e que foi elaborado seguindo o prego-tipo de cláusulas administrativas particulares para a contratación mediante procedemento negociado aprobado pola Deputación Provincial da Coruña e publicado no Boletín Oficial da Provincia número 3 do 7 de xaneiro do 2016, ao que se ten engadido os Anexos VI e VII.

**Cuarto.** Designar ás seguintes persoas para integrar o órgano colexiado encargado de realizar a

negociación no procedemento de acordo ao establecido na cláusula 15 do prego de administrativas:

- Don José Ramón Pardo Andrade, Concelleiro delegado de obras do Concello de Padrón ou persoa que legalmente o substitúa.
- Dona Ana María Ares Álvarez, Secretaria do Concello de Padrón ou persoa que legalmente a substitúa.
- Don Jesús Baliña de Jesús, arquitecto técnico que presta servizos no Concello de Padrón.

**Quinto.** Designar ao señor Alcalde, ou persoa que legalmente o substitúa, como a persoa encargada de analizar a documentación incluída no Sobre A e facer os requerimentos oportunos si se atopan defectos subsanables e a encargada de requerir a documentación relacionada na cláusula 16.2 ao empresario proposto como adxudicatario.

**Sexto.** Ordenar a apertura do procedemento de licitación por procedemento negociado sen publicidade, de acordo ao prego de cláusulas administrativas particulares, e publicar o correspondente anuncio no perfil do contratante do Concello de Padrón ([www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es) ou [www.contratosdegalicia.es](http://www.contratosdegalicia.es)) para que todas as persoas físicas ou xurídicas interesadas presenten oferta de acordo ao disposto no devandito prego, no prazo máximo de oito (8) días naturais contados desde a publicación do devandito anuncio.

**Sétimo.** Contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

**Oitavo.** Dar traslado do presente acordo á Intervención Municipal.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

**Primeiro.** Aprobar o expediente de contratación número 08/2016-OB-PNSP tramitado para a adxudicación da obra "Reparación camiño en Tarrío e Herbón" por procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria.

**Segundo.** Autorizar o gasto por un importe total de,

- a) Importe sen IVE: corenta e cinco mil novecentos oitenta e cinco euros con oitenta e oito céntimos (45.985,88 €).
- b) IVE (21%): nove mil seiscientos cincuenta e sete euros con tres céntimos (9.657,03 €).
- c) Importe con IVE: cincuenta e cinco mil seiscientos corenta e dous euros con noventa e un céntimos (55.642,91 €).

**Terceiro.** Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán o contrato e que foi elaborado seguindo o prego-tipo de cláusulas administrativas particulares para a contratación mediante procedemento negociado aprobado pola Deputación Provincial da Coruña e publicado no Boletín Oficial da Provincia número 3 do 7 de xaneiro do 2016, ao que se ten engadido os Anexos VI e VII.

**Cuarto.** Designar ás seguintes persoas para integrar o órgano colexiado encargado de realizar a negociación no procedemento de acordo ao establecido na cláusula 15 do prego de administrativas:

- Don José Ramón Pardo Andrade, Concelleiro delegado de obras do Concello de Padrón ou persoa



# Padrón

**Concello de Padrón**  
CIF P1506600D  
Rúa Longa, 27  
15900 Padrón, A Coruña  
[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)  
[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)  
Tfl: 981 81 04 51  
Fax: 981 81 15 50

que legalmente o substitúa.

- Dona Ana María Ares Álvarez, Secretaria do Concello de Padrón ou persoa que legalmente a substitúa.
- Don Jesús Baliña de Jesús, arquitecto técnico que presta servizos no Concello de Padrón.

**Quinto.** Designar ao señor Alcalde, ou persoa que legalmente o substitúa, como a persoa encargada de analizar a documentación incluída no Sobre A e facer os requerimentos oportunos si se atopan defectos subsanables e a encargada de requirir a documentación relacionada na cláusula 16.2 ao empresario proposto como adxudicatario.

**Sexto.** Ordenar a apertura do procedemento de licitación por procedemento negociado sen publicidade, de acordo ao prego de cláusulas administrativas particulares, e publicar o correspondente anuncio no perfil do contratante do Concello de Padrón ([www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es) ou [www.contratosdegalicia.es](http://www.contratosdegalicia.es)) para que todas as persoas físicas ou xurídicas interesadas presenten oferta de acordo ao disposto no devandito prego, no prazo máximo de oito (8) días naturais contados desde a publicación do devandito anuncio.

**Sétimo.** Contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

**Oitavo.** Dar traslado do presente acordo á Intervención Municipal.

#### **4.- SOLICITUDE DE PRÓRROGA DE PRAZO DE EXECUCIÓN DE OBRAS DE RECOMPOSICIÓN DE MURO DE PECHÉ EN FINCA SITA NO LUGAR DE MORONO, FORMULADA POR DON JOSÉ CHAN DIOS. EXPEDIENTE 154/2015-CP.**

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 14 de xuño de 2016:

#### **<<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS.**

**Primeiro.** En data 25 de agosto de 2015 ten entrada no Concello, con número de rexistro 7323, formulario de comunicación previa para a realización de obras e usos do solo e subsolo non suxeitos a licenza municipal para obras de recomposición de muro de peche en finca sita no lugar de Morono, con referencia catastral 15066A075012920000ZT, formulada por D. José Chan Dios Achégase coa comunicación previa orzamento, datos catastrais e fotografías.

**Segundo.** En data 2 de setembro de 2015 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Baliña de Jesús emite conformidade coa documentación presentada coma completa e hábil para a tramitación do expediente, sen prexuízo de posterior comprobación que certifique o axuste da intervención á comunicación presentada e á normativa urbanística de aplicación.

**Terceiro.** En mesma data o asesor xurídico en materia de urbanismo informa a comunicación previa presentada recomendando a toma de coñecemento expreso por parte da Xunta de Goberno Local do Concello de Padrón.

**Cuarto.** En data 10 de setembro de 2015 a Xunta de Goberno Local adoita acordo de tomar coñecemento da comunicación previa realizada, declarándoa completa e hábil para o inicio das obras, a proposta do Alcalde.

**Quinto.** En data 1 de xuño de 2016 ten entrada no Concello, con número de rexistro 4680, solicitude de

prórroga para a conclusión das obras.

**Sexto.** En data 8 de xuño de 2016 o asesor xurídico en materia de urbanismo Juan Molares Agrelo informa desfavorablemente a concesión da prórroga solicitada.

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO.**

**Primeiro.** O acordo de toma de coñecemento da comunicación previa determina no seu punto quinto:

*As obras deberán rematarse no prazo de seis (6) meses dende o inicio das mesmas, e tal circunstancia, isto é, a finalización das obras, deberá porse en coñecemento do concello, aos efectos de que se proceda á visita de comprobación das obras executadas. De non comunicarse polo declarante a finalización das obras, tomaráse coma referencia para a visita de comprobación o devandito prazo de seis meses contados dende que a intervención puido iniciarse, isto é, dende o transcurso dos quince días hábiles dende a presentación da comunicación previa.*

Nin a LOUG, vixente no momento de adopción do acordo de toma de coñecemento da comunicación previa, nin a nova Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, contemplan o prazo de execución para as obras obxecto de comunicación previa. Tan só se efectúa a devandita previsión con respecto ás obras obxecto de licenza municipal de obras. Nembargantes, resulta lóxico e acorde coas previsións da normativa urbanística de aplicación que se determine un prazo de execución aos efectos de evitar dilacións indebidas e un dos elementos integradores do denominado "feísmo urbanístico" que a Lei do Solo trata de atallar, que é o feito de non concluir as obras iniciadas, deixando "sine die" unha edificación sen rematar, sen acondicionamento exterior e incumprindo polo tanto de raíz tódolos criterios de ordenación paisaxística, integración e o deber que atinxe a tódolos propietarios de conservar os inmobles en condicións axeitadas de conservación e ornato.

Polo tanto optouse polo outorgamento dun prazo prudencial para a conclusión das obras obxecto de comunicación previa, aplicando de forma analóxica o disposto na LOUG respecto ao prazo de execución das obras obxecto de licenza municipal, regulación que agora ven constituída polo artigo 145 da Lei do Solo de Galicia.

**Segundo.** Respecto á prórroga solicitada, temos dúas alternativas. Ou ben acodir á regulación da prórroga dos prazos administrativos establecida polo artigo 49 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC), segundo a cal os prazos son prorrogables a instancia de parte ou de oficio por un prazo non superior á metade do inicialmente acordado, ou ben aplicar con carácter analóxico o establecido no artigo 145.2 da Lei do Solo, e anteriormente polo artigo 197 da LOUG, que determina que poderán concederse prórrogas do prazo de execución das obras obxecto de licenza municipal por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado.

Esta derradeira alternativa semella a máis axeitada ás circunstancias do caso por dous motivos: A regulación citada coincide no seu ámbito material coa que nos ocupa, isto é, se refire aos prazos de execución de obras, e non a prazos administrativos para a tramitación dun determinado expediente. E en segundo lugar, o réxime establecido resulta máis favorable para o interesado xa que a ampliación do prazo outorgada é de maior duración, cun só requisito que é que sexa solicitada antes do transcurso do prazo inicialmente conferido, mentras que na regulación dos prazos administrativos non só ten que se realizar a solicitude antes do transcurso do prazo inicial senón que a resolución outorgando a prórroga debe recaer así mesmo dentro dese mesmo prazo.

Os requisitos para a aplicación analóxica dunha norma veñen dados pola ausencia de regulación e polo que se denomina identidade de razón, de acordo co disposto polo artigo 4.1 do Código Civil. No presente caso, segundo se referiu, non existen unha norma específica que regule o suposto, e por outra banda a normativa sobre licenzas municipais de obras ten unha identidade de razón coas comunicacións previas, dado que ambas figuras son títulos habilitantes para a execución de obras polos particulares, diferindo só na maior





# Padrón

**Concello de Padrón**  
CIF P1506600D  
Rúa Longa, 27  
15900 Padrón, A Coruña  
[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)  
[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)  
Tfl: 981 81 04 51  
Fax: 981 81 15 50

complexidade técnica ou requirimentos normativos dos actos de uso do solo e subsolo sometidos a licenza municipal. Pero nos dous casos falamos de títulos habilitantes para un uso do solo e do subsolo.

**Terceiro.** Pois ben, aínda tomando coma normativa aplicable a máis favorable ao interesado, nos atopamos que acodindo ao tenor literal da cláusula da toma de coñecemento pola que se outorga o prazo, a solicitude de prórroga, que tivo entrada en data 1 de xuño de 2016, incumpre o prazo outorgado.

No acordo transcrito anteriormente se apercibe que de non se comunicar por parte do interesado a data de inicio das obras, tomaráse coma referencia para a mesma o transcurso dos 15 días hábiles dende a presentación da comunicación previa. Non consta no expediente que polo interesado se cumprise coa condición expresada de poñer en coñecemento o inicio das obras, polo que debemos computar o prazo contando 15 días hábiles dende o 25 de agosto de 2015. Isto indicaría que o prazo empezou a contar en data 11 de setembro de 2016, e concluiu en data 11 de marzo de 2016.

Se nos inclinamos por unha interpretación aínda máis favorable ao interesado e, en contra do pronunciamento expreso do acordo da Xunta de Goberno Local, e sen ter en conta que o cómputo parte do incumprimento por parte do interesado da obriga de poñer en coñecemento o inicio das obras, tomaremos coma referencia a notificación do acordo da Xunta de Goberno Local, que segundo o acuse de recibo obrante no expediente tivo lugar en data 21 de setembro de 2015. Deste xeito o prazo para a execución das obras tería concluído en data 21 de marzo de 2016, en todo caso máis de dous meses antes da presentación da solicitude de prórroga.

Polo tanto debemos concluír que non é posible outorgar unha prórroga para a execución das obras referidas.

**Cuarto.** Debemos analizar a continuación as consecuencias derivadas do feito de que rematara o prazo outorgado para a execución das obras. Neste senso, no caso das licenzas de obras, se procedería á declaración de caducidade da licenza con previa audiencia ao interesado, de conformidade co disposto polo artigo 145.4 da Lei do Solo. Nembargantes, entendemos que non se pode acodir a este réxime no caso dunha comunicación previa, debido a que no caso das comunicacións previas, non existe a figura da declaración de caducidade dado que non se produce un acto administrativo en senso estrito senón que o Concello se limita a tomar coñecemento da comunicación previa presentada, e neste senso non se pode declarar a caducidade dunha toma de coñecemento.

Entendemos que a vía pola que se debe proceder ven dada polo inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial nunha comunicación previa. Isto se debe a que no propio texto da comunicación previa, no seu apartado oitavo, punto 7, o interesado declara baixo a súa responsabilidade que rematará as obras no prazo de seis meses. Dado que non se cumpriu con tal aseveración, a comunicación previa resulta inexacta ou falsa.

Coma se refire así mesmo no propio texto da comunicación previa, e o interesado refire ser informado do mesmo, as consecuencias a esta inexactitude ou falsidade veñen determinadas polo artigo 71 bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC), que determina:

*A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se acompañe ou incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación previa, ou a non presentación perante a administración competente da declaración responsable ou comunicación previa, **determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada dende o momento en que se teña constancia de tales feitos,** sen prexuízo das responsabilidades penales, civiles ou administrativas a que houbera lugar.*

*Así mesmo, a resolución da administración pública que declare as devanditas circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituir a situación xurídica ao momento previo*

*ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así coma a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado, conforme ao establecido nas normas sectoriais de aplicación.*

Polo tanto, conforme a normativa transcrita, a constancia da vulneración do prazo de execución das obras sen que se presentase solicitude de prórroga con anterioridade ao transcurso do mesmo implica a ineficacia da comunicación previa presentada e a cesación do exercicio do dereito ou actividade afectada, neste caso a recomposición de muro.

Entendemos polo tanto que debe adoitarse acordo que denegue a prórroga solicitada e declare a ineficacia da comunicación previa presentada, dando traslado ao interesado apercibíndolle de que debe cesar nas obras con carácter inmediato ao non contar con título habilitante válido para as mesmas, debendo presentar nova comunicación previa para a execución das restantes obras xunto con orzamento actualizado, procedendo así mesmo ao arquivo do expediente 154/2015/CP. No caso de non se verificar o cesamento na execución das obras, procedería ditar orde de paralización e incoar expediente de reposición da legalidade e sancionador por execución de obras sen contar con título habilitante para as mesmas, de conformidade co disposto polos artigos 152, 158 e concordantes da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

**Quinto.** Entendemos competente nesta materia á Xunta de Goberno Local, tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998.

#### **PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:**

**Primeiro.** Denegar a prórroga solicitadas para a execución das obras de recomposición de muro en finca sita no lugar de Morono, con referencia catastral 15066A075012920000ZT, formulada por D. José Chan Dios, expediente 154/2015/CP, por se ter presentado a solicitude de prórroga unha vez vencido o prazo inicialmente conferido.

**Segundo.** Declarar a ineficacia da comunicación previa para a recomposición de muro de peche en finca sita no lugar de Morono, expediente 154/2015/CP, ordenando o cese das obras e apercibindo da obriga de presentar nova comunicación previa para a execución das restantes obras.

**Terceiro.** Apercíbese ao declarante de que no caso de non se verificar o cesamento na execución das obras, procedería ditar orde de paralización e incoar expediente de reposición da legalidade e sancionador por execución de obras sen contar con título habilitante para as mesmas, de conformidade co disposto polos artigos 152, 158 e concordantes da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

**Cuarto.** Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos de urbanismo.

**Quinto.** Notificar o presente acordo ao interesado/a coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

**Primeiro.** Denegar a prórroga solicitadas para a execución das obras de recomposición de muro en finca sita no lugar de Morono, con referencia catastral 15066A075012920000ZT, formulada por D. José Chan Dios, expediente 154/2015/CP, por se ter presentado a solicitude de prórroga unha vez vencido o prazo inicialmente conferido.

**Segundo.** Declarar a ineficacia da comunicación previa para a recomposición de muro de peche en finca



# Padrón

**Concello de Padrón**  
CIF P1506600D  
Rúa Longa, 27  
15900 Padrón, A Coruña  
[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)  
[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)  
Tfl: 981 81 04 51  
Fax: 981 81 15 50

sita no lugar de Morono, expediente 154/2015/CP, ordenando o cese das obras e apercibindo da obriga de presentar nova comunicacion previa para a execución das restantes obras.

**Terceiro.** Apercíbese ao declarante de que no caso de non se verificar o cesamento na execución das obras, procedería ditar orde de paralización e incoar expediente de reposición da legalidade e sancionador por execución de obras sen contar con título habilitante para as mesmas, de conformidade co disposto polos artigos 152, 158 e concordantes da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

**Cuarto.** Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos de urbanismo.

**Quinto.** Notificar o presente acordo ao interesado/a coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

**5.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DE CUBERTA EN VIVENDA SITA NO LUGAR DE RUEIRO, IRIA FLAVIA, FORMULADA POR DONA MARÍA LUÍSA CASTELAO SILVA. EXPEDIENTE 68/2016/CP.**

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 14 de xuño de 2016:

## <<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS.

**Primeiro.** En data 14 de abril de 2016 ten entrada no Concello, con número de rexistro 3261, escrito dirixido ao Concello de Padrón, formulado por D<sup>a</sup> María Luisa Castelao Silva, no que comunica con carácter previo a execución de obras de acondicionamento de cuberta sita no Lugar de Rueiro, Iria Flavia, acompañando memoria técnica redactada polo arquitecto técnico D. Luciano Piñeiro Bermúdez sen asinar.

**Segundo.** En data 29 de abril de 2016 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Balaña de Jesús emite requirimento técnico de emenda da solicitude, mediante a aportación de formulario estándar de comunicación previa de obras e memoria técnica asinada polo técnico redactor.

**Terceiro.** En mesma data remítese á interesada requirimento das emendas expresadas polo técnico municipal.

**Cuarto.** En data 23 de maio de 2016 ten entrada no Concello, con número de rexistro 4420, formulario de comunicación previa para a realización de obras e usos do solo e subsolo non suxeitos a licenza municipal para obras de acondicionamento de cuberta sita no Lugar de Rueiro, Iria Flavia, con referencia catastral 8549905NH2384N0001OH, formulada por D<sup>a</sup> María Luisa Castelao Silva. Achégase coa solicitude memoria técnica redactada e asinada polo arquitecto técnico D. Luciano Piñeiro Bermúdez.

**Quinto.** En data 30 de maio de 2016 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Balaña de Jesús emite conformidade coa documentación presentada coma completa e hábil para a tramitación do expediente, sen prexuízo de posterior comprobación que certifique o axuste da intervención á comunicación presentada e á normativa urbanística de aplicación.

**Sexto.** En data 10 de xuño de 2016 o asesor xurídico en materia de urbanismo Juan Molares Agrelo informa a comunicación previa presentada

## FUNDAMENTOS DE DEREITO.

**Primeiro.** A comunicación previa presentada refírese á execución de obras de acondicionamento de cuberta sita no Lugar de Rueiro, Iria Flavia, con referencia catastral 8549905NH2384N0001OH. Se ten procedido á comprobación previa por parte dos servizos técnicos municipais do tipo de actuación solicitado aos meros

efectos de verificar se as obras se poden incardinar dentro das sometidas ao réxime de comunicación previa, así coma que o uso solicitado sexa compatible co tipo de solo no que vai ter lugar a intervención.

Vista a conformidade do técnico municipal, debemos considerar que este tipo de intervención se atopa na actualidade exento da obriga xeral de contar con licenza municipal previa, en virtude do disposto polo artigo 142.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

A tramitación establecida pola nova lei do solo ven a eximir do previo control administrativo dos usos do solo nos casos de obras de pequena entidade, sustituíndo a licenza municipal de obras por unha comunicación previa asinada polo promotor das obras na que describe as mesmas e declara baixo a súa responsabilidade que as obras se axustan ao disposto na normativa urbanística e en xeral coa que lle resulta de aplicación.

Este novo sistema ven limitado no seu ámbito obxectivo a sensu contrario pola relación de actos sometidos a licenza municipal en virtude do disposto polo artigo 142.2 da Lei do Solo, xa que en xeral se atopan excluídos de licenza municipal aqueles usos do solo e subsolo que non precisan da redacción dun proxecto técnico completo redactado por técnico competente, o que as asimila a obras que pola súa sinxeleza técnica e escasa entidade económica non xustifican a necesaria intervención dun profesional. Así, o artigo 142.3 da Lei do solo determina:

*Quedan suxeitos ao réxime de intervención municipal de comunicación previa os actos de edificación e uso do solo e do subsolo non suxeitos a licenza e, en todo caso, os que así se establezan nas leis. A comunicación previa realizarase nos termos que se prevea regulamentariamente. Os concellos poderán establecer os procedementos de comunicación necesarios, así coma os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos previos.*

As obras obxecto do presente expediente, e referidas na comunicación previa, sitúanse, baseándonos na conformidade dos servizos técnicos municipais, fóra das sometidas a licenza municipal previa, e polo tanto sometidas ao réxime de declaración responsable.

Polo tanto, estimamos, a reserva de informe técnico ao respecto, e visto a conformidade emitida polos técnicos municipais, que a intervención comunicada resulta hábil para a súa tramitación conforme o réxime establecido para as comunicacións previas.

**Cuarto.** O procedemento para a presentación das comunicacións previas e o seu contido necesario veñen determinados no artigo 146.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia:

- Descrición técnica das características do acto de que se trate ou, no seu caso, proxecto técnico legalmente exigible: Referidas no apartado sexto do formulario de comunicación previa e na documentación que se achegada con posterioridade, así coma na conformidade técnica municipal. Retirada de tella actual en mal estado e colocación de tella nova, retirada das pranchas de fibrocemento en mal estado de conservación e nivelación da viga do cumio. Retirada e colocación de canles e baixantes para augas pluviais en chapa de aceiro prelacado.
- Manifestación expresa de que a comunicación previa presentada cumpre en tódolos seus extremos coa ordenación urbanística de aplicación. Tal declaración figura no formulario de comunicación previa asinado pola solicitante.
- Copia das restantes autorizacións, concesións administrativas ou informes sectoriales cando foran legalmente esixibles ao solicitante, ou acreditación de terse solicitado o seu outorgamento. Non proceden, vista a conformidade técnica municipal.
- Autorización ou documento de avaliación ambiental, no caso de requirila o uso ao que van destinadas as obras. Non procede.



# Padrón

**Concello de Padrón**

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)

[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

- Xustificante de pago dos tributos municipais, a documentación que se determine regulamentariamente e, especialmente, as autorizacións sectoriais preceptivas: neste senso, o Concello non conta nestes momentos cun sistema de autoliquidación tributaria implantado que permita que polo declarante se proceda a determinar o importe dos tributos a satisfacer e deste xeito o habilite para proceder ao pago e contar con tal resguardo. Co sistema actual, e ata unha futura introdución do sistema de autoliquidación tributaria municipal, resulta suficiente conforme o criterio do informante con que o solicitante achegue os datos e elementos de xuízo que resulten necesarios para que pola administración se poida proceder a liquidar o tributo correspondente. Unha vez notificada a devandita liquidación, o declarante deberá proceder ao pago e conservar o resguardo do pagamento, tal e coma se refire na propia comunicación previa. De non procederse ao pago, a comunicación presentada resultará inexacta, o que terá coma consecuencia a declaración de ineficacia da mesma, procedendo a paralización das obras ou ben a imposición dunha sanción, con independencia de que se proceda así mesmo a adoitir as medidas de constriximento para o pago da débeda tributaria que resulten de aplicación.

Visto o que antecede, estimamos que a documentación presentada cumpre co establecido no artigo 146.1 da lei do Solo.

A cualificación urbanística da parcela obxecto da solicitude, de acordo co informado polo técnico municipal, é a de SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEOS RURAIS DE POBOACIÓN (NN), conforme o PXOM do Concello de Padrón, ao que se lle aplica o disposto no planeamento respectivo en virtude do réxime transitorio establecido para os municipios con planeamento non adaptado á lei 9/2002, e o uso solicitado resulta compatible co planeamento e normativa urbanística de aplicación, sen prexuízo do cumprimento das condicións de edificación e demais normativa urbanística aplicable, das que a declarante refire baixo a súa responsabilidade o seu cumprimento e que será obxecto de verificación coa visita de comprobación.

**Quinto.** De acordo así mesmo co establecido no artigo 146.2 da Lei do Solo, a comunicación previa presentarase cunha antelación de quince días hábiles ao inicio das obras. A presentación constitúe título hábil para o inicio das obras no prazo indicado, sen prexuízo dunha posterior comprobación por parte do Concello.

Este mesmo prazo de quince días é o que se lle outorga ao Concello para, sen prexuízo dunha posterior comprobación e inspección, declarar completa a documentación presentada ou ben requirir a emenda das deficiencias que presente a mesma.

Polo tanto, e visto o conforme dos servizos técnicos municipais e o informado nos fundamentos anteriores, estimamos que procede, dado que non se considera a necesidade de subsanación algunha nin emenda de ningunha deficiencia, declarar completa a documentación e tomar coñecemento da comunicación previa efectuada.

**Sexto.** A norma, no seu artigo 142.2, determina que os concellos deberán establecer e planificar os procedementos de comunicación necesarios, así coma os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos precisos. En todo caso estímase coma solución máis axeitada e concordante coas funcións de control da legalidade urbanística que se proceda a adoitir un acordo que declare completa a documentación e tome coñecemento da comunicación previa, acordo do que se dará traslado aos servizos técnicos de urbanismo a fin de que se xire visita de comprobación e se informe sobre se a intervención se axustou á descrita na comunicación previa, así coma se concorre algunha inexactitude ou falsidade na mesma.

A estes efectos resulta de aplicación o disposto polo artigo 71.4 da lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC), que determina:

*"A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se acompañe ou incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación previa, ou a non presentación perante a administración competente da declaración responsable ou comunicación previa, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada dende o momento*

*en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civiles ou administrativas a que houbera lugar.*

*Asimesmo, a resolución da administración pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así coma a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado, todo elo conforme aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación."*

Asimesmo e dado que estamos a falar de comunicacións previas referidas á execución de obras, modificouse a regulación dos expedientes de reposición da legalidade e sancionadores en materia urbanística da anterior LOUG, incorporando a ausencia de comunicación previa así coma o non axuste da intervención á mesma coma supostos de incoación de expediente de reposición e sancionador, así coma a tipificación coma infracción urbanística grave da inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial nunha comunicación previa e coma infracción urbanística leve da execución de obras sen comunicación previa cando fosen legalizables ou a inexactitude, falsidade ou omisión de carácter non esencial na mesma.

**Sétimo.** Coma se refire no propio texto da comunicación previa, formando parte das obrigas asumidas polo declarante, as obras deberán rematarse no prazo de seis meses dende o inicio das mesmas, e tal circunstancia deberá porse en coñecemento do concello, aos efectos de que se proceda á visita de comprobación das obras executadas. De non comunicarse polo declarante a finalización das obras, tomaráse coma referencia para a visita de comprobación o devandito prazo de seis meses contados dende que a intervención puido iniciarse, isto é, dende o transcurso dos quince días hábiles dende a presentación da comunicación previa. Tal circunstancia deberá apercibirse ao declarante.

**Oitavo.** Consideramos coma órgano competente para o outorgamento das licenzas de obras, e polo tanto para tomar coñecemento da comunicación previa que substitúe ás mesmas é a Xunta de Goberno Local tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998, aplicado analóxicamente ao caso que nos ocupa, xa que o acordo que se adoite constitúe un título habilitante para a execución de obras e polo tanto a estes efectos resulta asimilable a unha licenza municipal.

#### **PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:**

**Primeiro.** Declarar completa a documentación presentada e tomar coñecemento da comunicación previa de data 23 de maio de 2016, asinada por D<sup>a</sup> María Luisa Castelao Silva, para obras de acondicionamento de cuberta sita no Lugar de Rueiro, Iria Flavia, con referencia catastral 8549905NH2384N0001OH, expediente 68/2016/CP, conforme a documentación anexa á mesma.

**Segundo.** A comunicación previa, toda vez que o Concello acusa recibo da mesma e a considera completa, habilita ao declarante para o inicio das obras no prazo de quince días hábiles dende a entrada da comunicación previa no Concello, sen prexuízo dunha posterior visita de comprobación e informe técnico por parte dos servizos técnicos municipais.

**Terceiro.** Apercíbese ao declarante:

A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento en que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

A resolución administrativa que constata as circunstancias a que se refire o número anterior comportará o inicio das correspondentes actuacións e a exixencia da responsabilidades e poderá determinar a obriga do interesado a restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento



# Padrón

**Concello de Padrón**  
CIF P1506600D  
Rúa Longa, 27  
15900 Padrón, A Coruña  
[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)  
[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)  
Tfl: 981 81 04 51  
Fax: 981 81 15 50

durante un período de tempo determinado entre tres meses e un ano.

A ausencia de comunicación previa así coma o non axuste da intervención á mesma, independentemente da apertura dun expediente de reposición da legalidade, están tipificadas coma infracción urbanística grave no caso de inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial nunha comunicación previa, e coma infracción urbanística leve da execución de obras sen comunicación previa, cando fosen legalizables, ou a inexactitude, falsidade ou omisión de carácter non esencial na mesma.

Así mesmo, a comunicación previa presentada para os actos de uso do solo suxeitos a ela implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade dos terreos, ou os/as empresarios/as das obras, dos técnicos/as redactores/as do proxecto e directores/as das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación ao proxecto presentado.

**Cuarto.** Notificada a liquidación tributaria ao declarante, este asume a obriga de estar en posesión en todo momento do resgardo de ter aboado os tributos municipais de aplicación.

**Quinto.** As obras deberán rematarse no prazo de seis (6) meses dende o inicio das mesmas, e tal circunstancia, isto é, a finalización das obras, deberá porse en coñecemento do concello, aos efectos de que se proceda á visita de comprobación das obras executadas. De non comunicarse polo declarante a finalización das obras, tomaráse coma referencia para a visita de comprobación o devandito prazo de seis meses contados dende que a intervención puido iniciarse, isto é, dende o transcurso dos quince días hábiles dende a presentación da comunicación previa.

**Sexto.** Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos de urbanismo a efectos de que unha vez finalizadas as obras se xire visita de comprobación e se proceda ao correspondente informe técnico sobre a veracidade dos datos expostos na comunicación previa e o axuste das obras realmente efectuadas ás mesmas, así coma o axuste das obras á normativa urbanística de aplicación.

**Sétimo.** Notificar o presente acordo ao interesado/a coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

**Primeiro.** Declarar completa a documentación presentada e tomar coñecemento da comunicación previa de data 23 de maio de 2016, asinada por D<sup>a</sup> María Luisa Castelao Silva, para obras de acondicionamento de cuberta sita no Lugar de Rueiro, Iria Flavia, con referencia catastral 8549905NH2384N0001OH, expediente 68/2016/CP, conforme a documentación anexa á mesma.

**Segundo.** A comunicación previa, toda vez que o Concello acusa recibo da mesma e a considera completa, habilita ao declarante para o inicio das obras no prazo de quince días hábiles dende a entrada da comunicación previa no Concello, sen prexuízo dunha posterior visita de comprobación e informe técnico por parte dos servizos técnicos municipais.

**Terceiro.** Apercíbese ao declarante:

A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento en que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

A resolución administrativa que constata as circunstancias a que se refire o número anterior comportará o inicio das correspondentes actuacións e a existencia da responsabilidades e poderá determinar a obriga do interesado a restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento durante un periodo de tempo determinado entre tres meses e un ano.

A ausencia de comunicación previa así coma o non axuste da intervención á mesma, independentemente da apertura dun expediente de reposición da legalidade, están tipificadas coma infracción urbanística grave no caso de inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial nunha comunicación previa, e coma infracción urbanística leve da execución de obras sen comunicación previa, cando fosen legalizables, ou a inexactitude, falsidade ou omisión de carácter non esencial na mesma.

Así mesmo, a comunicación previa presentada para os actos de uso do solo suxeitos a ela implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade dos terreos, ou os/as empresarios/as das obras, dos técnicos/as redactores/as do proxecto e directores/as das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación ao proxecto presentado.

**Cuarto.** Notificada a liquidación tributaria ao declarante, este asume a obriga de estar en posesión en todo momento do resgardo de ter aboado os tributos municipais de aplicación.

**Quinto.** As obras deberán rematarse no prazo de seis (6) meses dende o inicio das mesmas, e tal circunstancia, isto é, a finalización das obras, deberá porse en coñecemento do concello, aos efectos de que se proceda á visita de comprobación das obras executadas. De non comunicarse polo declarante a finalización das obras, tomaráse coma referencia para a visita de comprobación o devandito prazo de seis meses contados dende que a intervención puido iniciarse, isto é, dende o transcurso dos quince días hábiles dende a presentación da comunicación previa.

**Sexto.** Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos de urbanismo a efectos de que unha vez finalizadas as obras se xire visita de comprobación e se proceda ao correspondente informe técnico sobre a veracidade dos datos expostos na comunicación previa e o axuste das obras realmente efectuadas ás mesmas, así coma o axuste das obras á normativa urbanística de aplicación.

**Sétimo.** Notificar o presente acordo ao interesado/a coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

## **6.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS DE PECHE LATERAL DE PARCELA SITA NO LUGAR DE HERBÓN Nº 1, FORMULADA POR DON RAMÓN RARÍS MAGARIÑOS. EXPEDIENTE 83/2016-CP.**

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 14 de xuño de 2016:

### **<<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS.**

**Primeiro.** En data 3 de maio de 2016 ten entrada no Concello, con número de rexistro 3829, formulario de comunicación previa para a realización de obras e usos do solo e subsolo non suxeitos a licenza municipal para obras de construción de peche lateral de parcela sita no lugar de Herbón nº 1, con referencia catastral 15066A067004380000ZM, formulada por D. Ramón Rarís Magariños. Achégase coa comunicación previa orzamento, cartografía, datos catastrais e fotografías da finca, así coma resolución de data 7 de abril de 2016 da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia autorizando as obras solicitadas con sometemento a condicións particulares.





# Padrón

**Concello de Padrón**  
CIF P1506600D  
Rúa Longa, 27  
15900 Padrón, A Coruña  
[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)  
[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)  
Tfí: 981 81 04 51  
Fax: 981 81 15 50

**Segundo.** En data 23 de maio de 2016 o arquitecto técnico municipal D. Francisco Ferro González emite conformidade coa documentación presentada coma completa e hábil para a tramitación do expediente, sen prexuízo de posterior comprobación que certifique o axuste da intervención á comunicación presentada e á normativa urbanística de aplicación.

**Terceiro.** En data 14 de xuño de 2016 o asesor xurídico en materia de urbanismo Juan Molares Agrelo informa a comunicación previa presentada

## FUNDAMENTOS DE DEREITO.

**Primeiro.** A comunicación previa presentada refírese á execución de obras de construción de peche lateral de parcela sita no lugar de Herbón nº 1, con referencia catastral 15066A067004380000ZM. Se ten procedido á comprobación previa por parte dos servizos técnicos municipais do tipo de actuación solicitado aos meros efectos de verificar se as obras se poden incardinar dentro das sometidas ao réxime de comunicación previa, así coma que o uso solicitado sexa compatible co tipo de solo no que vai ter lugar a intervención.

Vista a conformidade do técnico municipal, debemos considerar que este tipo de intervención se atopa na actualidade exento da obriga xeral de contar con licenza municipal previa, en virtude do disposto polo artigo 142.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

A tramitación establecida pola nova lei do solo ven a eximir do previo control administrativo dos usos do solo nos casos de obras de pequena entidade, substituindo a licenza municipal de obras por unha comunicación previa asinada polo promotor das obras na que describe as mesmas e declara baixo a súa responsabilidade que as obras se axustan ao disposto na normativa urbanística e en xeral coa que lle resulta de aplicación.

Este novo sistema ven limitado no seu ámbito obxectivo a sensu contrario pola relación de actos sometidos a licenza municipal en virtude do disposto polo artigo 142.2 da Lei do Solo, xa que en xeral se atopan excluídos de licenza municipal aqueles usos do solo e subsolo que non precisan da redacción dun proxecto técnico completo redactado por técnico competente, o que as asimila a obras que pola súa sinxeleza técnica e escasa entidade económica non xustifican a necesaria intervención dun profesional. Así, o artigo 142.3 da Lei do solo determina:

*Quedan suxeitos ao réxime de intervención municipal de comunicación previa os actos de edificación e uso do solo e do subsolo non suxeitos a licenza e, en todo caso, os que así se establezan nas leis. A comunicación previa realizarase nos termos que se prevea regulamentariamente. Os concellos poderán establecer os procedementos de comunicación necesarios, así coma os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos previos.*

As obras obxecto do presente expediente, e referidas na comunicación previa, sitúanse, baseándonos na conformidade dos servizos técnicos municipais, fóra das sometidas a licenza municipal previa, e polo tanto sometidas ao réxime de declaración responsable.

Polo tanto, estimamos, a reserva de informe técnico ao respecto, e visto a conformidade emitida polos técnicos municipais, que a intervención comunicada resulta hábil para a súa tramitación conforme o réxime establecido para as comunicacións previas.

**Cuarto.** O procedemento para a presentación das comunicacións previas e o seu contido necesario veñen determinados no artigo 146.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia:

– Descrición técnica das características do acto de que se trate ou, no seu caso, proxecto técnico legalmente exigible: Referidas no apartado sexto do formulario de comunicación previa e no orzamento, así coma na conformidade técnica municipal. Cerramento lateral de parcela con peche composto a base de zapata corrida de formigón, basamento cego de bloques de formigón recebado e pintado ata unha altura de 0,80 metros, postes de formigón de 2,20 metros de alto medida dende a rasante e rede de 1,50 metros de altura. O peche terá unha lonxitude de 50 metros lineais.

- Manifestación expresa de que a comunicación previa presentada cumpre en tódolos seus extremos coa ordenación urbanística de aplicación. Tal declaración figura no formulario de comunicación previa asinado pola solicitante.
- Copia das restantes autorizacións, concesións administrativas ou informes sectoriales cando foran legalmente esixibles ao solicitante, ou acreditación de terse solicitado o seu outorgamento. Consta resolución de data 7 de abril de 2016 da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia autorizando as obras solicitadas con sometemento a condicións particulares, do cumprimento das cales non exime a toma de coñecemento da comunicación previa presentada.
- Autorización ou documento de avaliación ambiental, no caso de requirila o uso ao que van destinadas as obras. Non procede.
- Xustificante de pago dos tributos municipais, a documentación que se determine regulamentariamente e, especialmente, as autorizacións sectoriais preceptivas: neste senso, o Concello non conta nestes momentos cun sistema de autoliquidación tributaria implantado que permita que polo declarante se proceda a determinar o importe dos tributos a satisfacer e deste xeito o habilite para proceder ao pago e contar con tal resguardo. Co sistema actual, e ata unha futura introdución do sistema de autoliquidación tributaria municipal, resulta suficiente conforme o criterio do informante con que o solicitante achegue os datos e elementos de xuízo que resulten necesarios para que pola administración se poida proceder a liquidar o tributo correspondente. Unha vez notificada a devandita liquidación, o declarante deberá proceder ao pago e conservar o resguardo do pagamento, tal e coma se refire na propia comunicación previa. De non procederse ao pago, a comunicación presentada resultará inexacta, o que terá coma consecuencia a declaración de ineficacia da mesma, procedendo a paralización das obras ou ben a imposición dunha sanción, con independencia de que se proceda así mesmo a adoitar as medidas de constrinximento para o pago da débeda tributaria que resulten de aplicación.

Visto o que antecede, estimamos que a documentación presentada cumpre co establecido no artigo 146.1 da lei do Solo.

A cualificación urbanística da parcela obxecto da solicitude, de acordo co informado polo técnico municipal, é a de SOLO NON URBANIZABLE NON PROTEXIDO COMÚN (NU), conforme o PXOM do Concello de padrón, ao que se lle aplica o disposto na Lei do Solo de Galicia para o solo RÚSTICO en virtude do réxime transitorio establecido para os municipios con planeamento non adaptado á lei 9/2002, e o uso solicitado resulta compatible co planeamento e normativa urbanística de aplicación, sen prexuízo do cumprimento das condicións de edificación e demais normativa urbanística aplicable, das que a declarante refire baixo a súa responsabilidade o seu cumprimento e que será obxecto de verificación coa visita de comprobación.

**Quinto.** De acordo así mesmo co establecido no artigo 146.2 da Lei do Solo, a comunicación previa presentarase cunha antelación de quince días hábiles ao inicio das obras. A presentación constitúe título hábil para o inicio das obras no prazo indicado, sen prexuízo dunha posterior comprobación por parte do Concello.

Este mesmo prazo de quince días é o que se lle outorga ao Concello para, sen prexuízo dunha posterior comprobación e inspección, declarar completa a documentación presentada ou ben requerir a emenda das deficiencias que presente a mesma.

Polo tanto, e visto o conforme dos servizos técnicos municipais e o informado nos fundamentos anteriores, estimamos que procede, dado que non se considera a necesidade de subsanación algunha nin emenda de ningunha deficiencia, declarar completa a documentación e tomar coñecemento da comunicación previa efectuada.

**Sexto.** A norma, no seu artigo 142.2, determina que os concellos deberán establecer e planificar os



# Padrón

**Concello de Padrón**  
CIF P1506600D  
Rúa Longa, 27  
15900 Padrón, A Coruña  
[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)  
[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)  
Tfí: 981 81 04 51  
Fax: 981 81 15 50

procedementos de comunicación necesarios, así coma os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos precisos. En todo caso estímase coma solución máis axeitada e concordante coas funcións de control da legalidade urbanística que se proceda a adoitir un acordo que declare completa a documentación e tome coñecemento da comunicación previa, acordo do que se dará traslado aos servizos técnicos de urbanismo a fin de que se xire visita de comprobación e se informe sobre se a intervención se axustou á descrita na comunicación previa, así coma se concorre algunha inexactitude ou falsidade na mesma.

A estes efectos resulta de aplicación o disposto polo artigo 71.4 da lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC), que determina:

*"A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se acompañe ou incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación previa, ou a non presentación perante a administración competente da declaración responsable ou comunicación previa, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada dende o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbera lugar.*

*Asimesmo, a resolución da administración pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituir a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así coma a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado, todo elo conforme aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación."*

Asimesmo e dado que estamos a falar de comunicacións previas referidas á execución de obras, modificouse a regulación dos expedientes de reposición da legalidade e sancionadores en materia urbanística da anterior LOUG, incorporando a ausencia de comunicación previa así coma o non axuste da intervención á mesma coma supostos de incoación de expediente de reposición e sancionador, así coma a tipificación coma infracción urbanística grave da inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial nunha comunicación previa e coma infracción urbanística leve da execución de obras sen comunicación previa cando fosen legalizables ou a inexactitude, falsidade ou omisión de carácter non esencial na mesma.

**Sétimo.** Coma se refire no propio texto da comunicación previa, formando parte das obrigas asumidas polo declarante, as obras deberán rematarse no prazo de seis meses dende o inicio das mesmas, e tal circunstancia deberá porse en coñecemento do concello, aos efectos de que se proceda á visita de comprobación das obras executadas. De non comunicarse polo declarante a finalización das obras, tomaráse coma referencia para a visita de comprobación o devandito prazo de seis meses contados dende que a intervención puido iniciarse, isto é, dende o transcurso dos quince días hábiles dende a presentación da comunicación previa. Tal circunstancia deberá percibirse ao declarante.

**Oitavo.** Consideramos coma órgano competente para o outorgamento das licenzas de obras, e polo tanto para tomar coñecemento da comunicación previa que sustitúe ás mesmas é a Xunta de Goberno Local tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998, aplicado analóxicamente ao caso que nos ocupa, xa que o acordo que se adoite constitúe un título habilitante para a execución de obras e polo tanto a estes efectos resulta asimilable a unha licenza municipal.

## **PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:**

**Primeiro.** Declarar completa a documentación presentada e tomar coñecemento da comunicación previa de data 3 de maio de 2016, asinada por D. Ramón Rarís Magariños, para obras de construción de peche lateral de parcela sita no lugar de Herbón nº 1, con referencia catastral 15066A067004380000ZM, expediente 83/2016/CP, conforme a documentación anexa á mesma.

**Segundo.** A comunicación previa, toda vez que o Concello acusa recibo da mesma e a considera completa,

